

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI0BR	<i>Expediente</i> CON/66/2014	<i>Fecha</i> 09-02-15 09:09

Número 6 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao expediente "Repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS). (CON/66/2014).

*Destinatario*



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de febreiro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 6 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA AO EXPEDIENTE "REPAVIMENTACIÓN DA AVDA. DE VILAGARCÍA ENTRE ROSALÍA DE CASTRO E ROMERO DONALLO (OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS). (CON/66/2014).**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 30 de xaneiro de 2015, do director técnico da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, do seguinte teor literal:

**"EXPEDIENTE:** Repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS)

**ASUNTO:** Apertura dun novo prazo para presentación de ofertas

**ANTECEDENTES:**

Con data 19/01/2015 celébrase a primeira mesa de contratación para a licitación de referencia, na que se da conta das ofertas presentadas e as incidencias acaecidas na súa presentación. Na acta levantada ao efecto indícase:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI0BR	<i>Expediente</i> CON/66/2014	<i>Fecha</i> 09-02-15 09:09

"Convócase esta mesa coa finalidade de resolver unha incidencia surxida na tramitación do expediente, da que se da conta na dilixencia emitida polo negociado municipal de rexistro xeral, na que se fai constar que no momento de proceder ó rexistro da oferta presentada a esta licitación pola empresa SERGONSA SERVICIOS SL, debido a un erro involuntario, abríronse os sobres A: Documentación e sobre C: Oferta económica, selándose os documentos que contiñan con data 19 de decembro, e remitíndose ó servizo de contratación sen difusión da documentación.

Tras un breve debate en que os distintos membros da mesa expoñen a súa visión da situación, acórdase, seguindo o criterio que determinan o director da asesoría xurídica e o interventor municipal, considerar que esta incidencia afectou inexcusamente ó secreto da oferta mencionada, e que procede anular o trámite vinculado a esta deficiencia, retrotraendo o expediente e volvendo a abrir un novo prazo de presentación de ofertas."

A vista dos antecedentes expostos realízase a seguinte

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Retrotraer as actuacións ó momento anterior ó trámite público de presentación de ofertas, remitindo de novo o anuncio público de convocatoria da licitación, mantendo a declaración de urxencia acordada inicialmente, xa que por un erro involuntario no rexistro da documentación, resultaron abertos os sobres A: Documentación e sobre C: Oferta económica presentados pola empresa SERGONSA SERVICIOS SL, afectando de xeito inexcusable ó secreto da súa oferta.

Este acordo notificarase ós distintos licitadores presentados coa finalidade principal de que procedan a retirar ás súas ofertas."

**Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Retrotraer as actuacións ao momento anterior ao trámite público de presentación de ofertas, remitindo de novo o anuncio público de convocatoria da licitación, mantendo a

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOBR	<i>Expediente</i> CON/66/2014	<i>Fecha</i> 09-02-15 09:09

declaración de urxencia acordada inicialmente, xa que por un erro involuntario no rexistro da documentación, resultaron abertos os sobres A: Documentación e sobre C: Oferta económica presentados pola empresa SERGONSA SERVICIOS SL, afectando de xeito inexcusable ao secreto da súa oferta.

Este acordo notificarase aos distintos licitadores presentados coa finalidade principal de que procedan a retirar ás súas ofertas.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

  
Asdo: Manuel Martínez Varela

